

Luís Valle: “En poesía tan importante como crear é destruír”

Luís Valle é poeta en sentido intenso. En poucas ocasións o discurso poético se mostra con tanta forza, cun compromiso íntimo que máis que unha forma de escribir é xa unha maneira de ser. Este domingo día 12 recolle o Premio Lueiro Rey en Fornelos de Montes por *As cicatrices do Sol* (Sotelo Blanco).



Luís Valle



CARME VIDAL

12/ABR./15 - 19:54ACTUALIZADO: 16/ABR./15 - 14:50

A caída (Pen Clube) gañou o Premio de Poesía Caixanova, con Fedor (Sotelo Blanco) o Eusebio Lorenzo Baleirón, logo viría Caderno do mendigo (Barbantesa) e este domingo día 12 presenta As cicatrices do Sol en Fornelos de Montes. Será no acto no que o poeta Luís Valle reciba o Premio Lueiro Rey de Poesía nun acto que contará coas acteriores gañadoras Eli Ríos e Silvia Penas, os críticos Ramón Nicolás, biógrafo de Lueiro Rey, e Armando Requeixo, representante do xurado, ademais do presidente da RAG, Xesús Alonso Montero.

-Como recibe as críticas que falan, maiormente, da excelencia da súa obra e da singularidade da súa voz poética?

A verdade é que non me recoñezo nelas. Supoño que o traballo, a dedicación, o agarimo e a paixón que lle pos á actividade que elixes na vida ten que dar resultados. No meu caso decidín hai vinte anos escribir poesía e poñerlle todo o meu empeño. Cando algo forma parte da túa vida de xeito tan íntimo acábase notando. Ao meu ver a clave está aí, a xente que vive intensamente a literatura valora que outra persoa se empeñe e procure facer as cousas do mellor xeito. Escribir poesía ten moito a ver co traballo e a emoción. Precísase técnica e esforzo, pulir e tentar chegar ao poema en cada ocasión, que non sobren versos, que non sobren palabras, que o son, a imaxe e o contido intelectual se axusten.

-Mais no feito creativo hai algo máis que traballo, é dicir, non todo o mundo que o intenta o consegue.

Existen moitos discursos sobre o que é o talento e o xenio mais no meu caso non me valoro como escritor talentoso nin, desde logo, xenial. O que son é poeta vocacional, son e síntome poeta as vinte e catro horas ao día e ao final o traballo acaba tendo valor literario, acaba sendo poesía. Compre ser autocrítico e merece a pena ler, reler e analizar a propia obra. Normalmente antes de dar ao prelo un libro paso bastante tempo con el, con momentos en que vexo inconsistencias, nos que non me recoñezo e preciso volver a pensar. No traballo poético tan importante como crear é destruír, ser quen de liberarte e esquecer o tempo. Desexo deixar unha obra poética, nada transcendente, mais a miña, cun camiño poético propio.

-Que significa ser poeta as vinte e catro horas do día nun tempo como o que vivimos?

Un xeito de concibir a vida e estar no mundo. Traballo e vivo de maneira moi convencional mais emocionalmente e creativamente considérome poeta a tempo completo.

"Precísase técnica e esforzo, pulir e tentar chegar ao poema en cada ocasión, que non sobren versos, que non sobren palabras, que o son, a imaxe e o contido intelectual se axusten".

-Afirma que o texto ten que chegar á poesía. Cando e como se produce ese proceso?

Cando acontece a poesía un poeta recoñéceo. Moitas veces xorde camiñando. Aparece primeiro en momentos xerminais que logo hai que desenvolver, ver como medra na páxina, como se configura e se artella como un tapiz nun libro. Escribir un libro de poesía non é labor sinxelo, ten que haber sentimento, emoción, ideas e cultura e todo iso tense que plasmar sobre a páxina en branco. Penso e defendo a poesía como unha necesidade vital.

-Como definiría esa voz poética que vostede quere propia e singular?

A miña voz propia quizais sexa o froito da empatía e do amor, con reflexo nun espello non necesariamente positivo senón que leva á dor e á morte. Teño capacidade de amar, de comprender as circunstancias doutras persoas e iso non conduce a unha visión idílica da existencia senón todo o contrario.

-As cicatrices do Sol, A caída, Caderno do mendigo, Fedor... xa os propios títulos das obras adiviñan o sentido trágico da súa poesía.

Vai por aí, si. De todos modos, hai poemarios que teñen os seus claro-escuros, non todo é tebra. Hai unha parte positiva e clara que é o que lle dá a tonalidade. Un percorrido no que hai unha base primaria de amor e afecto cara a vida e as persoas, senón sería unha poesía deshumanizada. Non hai que confundir o eu poético co autor nin coa persoa. Son alegre e afábel e esa non é a impresión que dou nos poemarios.

-A súa é unha poesía que busca transmitir sensacións?

O poema cumpre moitas funcións. Para min a poesía é esencial e connatural á humanidade, é un xeito de coñecer e estar no mundo tan importante como calquera outro. Intento que a miña poesía remova emocións. Ser quen de conmoverse permítenos achegarnos intelectualmente a outros. Defendo a radical necesidade da palabra poética, senón non tería pervivido milenios. Achega ás persoas ao que non poden acadar doutro xeito, dá claves para a vida e transmite experiencias e sentimentos. Continuará mentres a humanidade exista. Ninguén pode eliminar ese sentimento pleno de ser humano, a comprensión do amor, a desolación perante a morte... iso é o que nos dá a poesía.

"Ninguén pode eliminar ese sentimento pleno de ser humano, a comprensión do amor, a desolación perante a morte... iso é o que nos dá a poesía".

-Estamos entón diante dunha poesía íntima, que parte do interior do autor e diríxese cara ao interior de quen le, pouco narrativa tamén.

A narratividade ocorre simbólica e emocionalmente que é como funciona. Dalgún xeito son herdeiro do espírito romántico. Admiro a poesía lúdica, a literatura irónica, os autores que xogan coa palabra e saben divertir mais a poesía na que vexo un modelo é a romántica na que, aínda que se conte unha historia é desde a escala humana. Fluxo da epopea e gústame traballar persoa a persoa.

-A morte, o amor, o paso do tempo... os grandes temas da poesía non se esgotan nunca?

Cando escribo non teño vontade de tocar eses grandes temas mais o que nos move, o que nos inspiraadoitan ser cousas importantes, que me preocupan a min como a resto do mundo. Procuo escribir unha poesía que calquera pode entender, outra cousa é que sexa de lectura sinxela. A complexidade simbólica e esíxelle ao lector certo esforzo, descubrir claves para gozar. O marabilloso da poesía é que comunica nun nivel distinto, que procura encher a palabra de significados, do punto de vista intelectual, musical, harmónico e estético e iso non é trivial.

-Vostede é tamén pintor, que relación ten a poesía coas artes plásticas?

Resúltame útil para cambiar o rexistro. Pintar é máis físico e material, máis inmediato e cando volvo á poesía fágoo con novos azos, coas ideas máis claras.

-Con ese compromiso tan intenso coa poesía, que referentes literarios sinalaría?

Como recoñecíbeis e próximos Valente, Gamoneda, Paul Celan, Holderlin, Rilke, William Blake, Rimbaud, Verlaine, Valerie, Eliot, Lois Pereiro, Rosalía de Castro, claro está, Leiras Pulpeiro, Octavio Paz...

-Poetas en estado puro...

Autores con clarísima vocación poética que forman parte do canon e son arquetípicos. Son os autores tutelares, logo están outros moitos que me interesan. Admiro precisamente iso, o compromiso coa poesía, coa palabra dun xeito completo.